

arte e igualdade nas comunidades rurais



BASES DA CONVOCATORIA

Proposta de creación artística no rural da Ribeira Sacra, nas localidades de Alemparte en Líncora (Chantada) e/ou Milleirós (Carballedo).

O proxecto realizarase coa colaboración da xente local empregando recursos sostibles e está dirixida a mulleres creadoras galegas.

Cultura, derecho de Todas

Proyecto subvencionado por:



Asociación
Lincora
Alemparte



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD

Instituto de las
MUJERES

02	ENFOQUE E OBXECTIVOS
03	CONTEXTO
05	REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN
06	DOTACIÓN
06	ESPAZOS E RECURSOS
08	XURADO
08	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
09	DOCUMENTACIÓN
09	PRAZOS
09	ENVÍO DE SOLICITUDES

«Enraizadas» é unha proposta cultural que busca implicar ás mulleres do núcleo rural e impulsar relacións interxeneracionais empregando a arte e a cultura como ferramenta transversal, a través dun proxecto de creación artística.

ENFOQUE E OBXECTIVOS

O obxectivo principal é realizar **un proxecto que permita xerar experiencias artísticas entre creadoras profesionais e xente local**. Un espazo de creación sustentable, desde o respecto e en relación directa coa natureza, capaz de repensar o territorio e a súa historia para fortalecer a rede cultural da contorna.

Cada artista poderá presentar **un proxecto libre**, tendo en conta a implicación da comunidade e podendo abordar, desde diversos prismas, cuestións como o traballo, a familia, os coidados, o rol da muller, a reivindicación do patrimonio material e inmaterial, o imaxinario e a cultura rural ou a transmisión de saberes, entre outros temas.

Poderanse presentar proxectos **en formato instalativo, performance, arte sonoro e audiovisual, poesía, libros de artista, proxectos híbridos ou de mediación experimental**, primando a **innovación e a vinculación coa contorna natural e social**. Empregaranse formas de creación sustentables e respectuosas, que non danen a paisaxe nin física nin visualmente e que contribúan á posta en valor do lugar.




EN/ RAIZ /ADAS

arte e igualdade
nas comunidades
rurais

Concello de
CHANTADA
Líncora / Alemparte
42°35'17"N 7°44'50"O

Concello de
CARBALLEDO
Milleirós
42°32'59"N 7°47'38"O



CONTEXTO


O rural galego, e en especial **as aldeas** nas que se centra este proxecto (da provincia de Lugo), experimentou altos niveis de emigración, con moitas persoas, incluídas mulleres, abandonando os seus lugares de orixe para buscar oportunidades en áreas urbanas ou no estranxeiro. Isto deixou as comunidades rurais con poboacións envellecidas e unha diminución da poboación activa.

Este proxecto propón **explorar formas efectivas de involucrar ás mulleres e xerar espazos de visibilidade e diálogo**, proporcionando novas ferramentas para o desenvolvemento persoal e social.



EN/ RAIZ /ADAS

arte e igualdade
nas comunidades
rurais



REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- A) Para **artistas mulleres** residentes en Galicia
- B) O proxecto debe ter un **enfoque de achegamento ao contexto socio-cultural** e pode materializarse en **diferentes disciplinas** (creacións sonoras, dixitais, literarias, escénicas ou plásticas)
- C) É necesario estar dada de **alta no IAE** no momento de realizar o proxecto

DOTACIÓN

1. Honorarios de **1200€** (impostos incluídos)
2. **Aloxamento** na casa de Milleirós
3. **Apoio** durante a fase de execución
4. Editarase unha **publicación dixital** cos resultados



ESPAZOS E RECURSOS

CASA REHABILITADA NA ALDEA DE MILLEIRÓS

Milleirós é unha aldea situada no concello de Carballedo que conta con aproximadamente trinta casas. En Milleirós viven aínda entre dez e quince persoas ao longo de todo o ano, crecendo o número de residentes na tempada estival.

Durante a residencia artística, a persoa seleccionada poderá aloxarse nunha casa rehabilitada no centro da aldea de Milleirós. As instalacións contan con habitación privada, baño, salón-cociña, un pequeno patio e conexión Wifi. Recoméndase contar con coche propio para facilitar a mobilidade porque, como en moitos lugares de Galicia, o transporte público é moi escaso.



TERREO EN ALEMPARTE*

San Pedro de Líncora é unha parroquia do concello de Chantada con menos de 200 habitantes, no que se atopa o lugar de Alemparte (a 12 minutos en coche de Milleirós).

A súa particular localización fai que no territorio podamos observar os restos das distintas actividades humanas, o traballo co gando, os terreos con viñedos, as vellas corredoiras que conectaban Belesar con Líncora e quedaron en desuso. Esta pequena aldea sufriu, como moitos núcleos do rural galego, unha emigración masiva durante o século xx, polo que as distintas xeracións manteñen unha relación moi diferente co lugar.

A persoa seleccionada poderá facer uso, se así o precisa, dun terreo en Alemparte para investigar ou realizar a proposta de creación artística aproveitando as características naturais da contorna.

*Este terreo non conta con vivenda nin instalacións especiais.



XURADO

Loli Docampo

DIRECTORA DO PROXECTO. CONSULTORA E PROMOTORA CULTURAL

Sara Donoso

COORDINADORA. COMISARIA E XESTORA CULTURAL

Silvia García

COORDINADORA. ARTISTA E PROFESORA DAS FACULTADES DE BELAS ARTES E DESEÑO DE PONTEVEDRA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- A) Proxecto **contextualizado na contorna** de Alemparte e/ou Milleirós que teña en conta a súas características históricas, sociais, naturais e culturais
- B) Implicación das **persoas residentes ou colectivos**
- C) Fomento de valores como a **sostibilidade**, a **igualdade** e a **dignificación** do rural
- D) Viabilidade no **uso dos materiais**
- E) Viabilidade para adaptarse ao **marco contextual e temporal** de realización da instalación
- F) **Calidade e adecuación** da proposta
- G) **Traxectoria** artística e investigadora



DOCUMENTACIÓN

- A) Datos de contacto
- B) Proxecto explicativo que inclúa título, resumo da proposta, metodoloxía, materiais, necesidades técnicas e humanas, imaxes ou bosquejos orientativos. **Máximo 4 páxinas.**
- C) CV actualizado

PRAZOS

Peche da convocatoria: **22 de setembro de 2024**

Resolución da convocatoria: **29 de setembro de 2024**

Realización do proxecto: **outubro-novembro de 2024**

ENVÍO DE SOLICITUDES

enraizadas2024.galicia@gmail.com



2024
GAL

Máis info:
enraizadas2024.galicia@gmail.com

EN/RAIZ/ADAS

arte e igualdade
nas comunidades rurais

Cultura, derecho de Todas

Proyecto subvencionado por:



Asociación
Lincora
Alemparte



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD

Instituto de las
MUJERES